

OBRAS E PUBLICACIÓNS

Teatro:

Concerto para un home só (1989) foi a primeira obra de Luísa Villalta, un monólogo teatral; publicou varias obras máis como: *O representante* (1990) e *O paseo das esfinges* (1991). En 1999, CasaHamlet e a Deputación da Coruña, publican a súa obra *As certezas de Ofelia* e máis tarde a Revista Galega de Teatro, *Os doces anos da guerra*. O seu apego ao teatro esténdese ata as traducións como a da comedia *A mandrágora* de Nicolás Maquiavelo.



E
S
C
O
L
M
A

Narrativa:

Con *A taberna do holandés* acadou o Premio de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo. En *Silencio, ensaiamos* (1991) aparecen trece relatos que teñen como epicentro a música. En *Teoría de xogos* (1997) relata as sensacións de cinco personaxes galegos ante as transformacións do país. *As chaves do tempo* (2001) desenvólvese ao redor do rei Arturo, quen deixa ao azar quen dos seus fillos debe reinar. O mago Merlín tamén aparece, encargado de facer unha chave de ouro e outra de ferro, unha para cada fillo do rei; todo transcorre en Galicia.

Poesía:

É o xénero que máis cultivou, con maior número de publicacións e polo que é máis coñecida. En *Música reservada* (1991) une as súas paixóns, a música e a poesía. Publicou *Rota ao interior do ollo* nunha publicación de pequeno tamaño, unha plaquette, que contén cinco poemas. Era o primeiro libro da editorial Edições Tema, e o que abriría as portas á publicación doutros autores galegos. En xaneiro de 2004, dous meses antes do seu falecemento, foi recoñecida co XII Premio de Poesía Espiral Maior. *En concreto* foi o poemario que galardoou o xurado, unha obra que é unha reflexión poética sobre a súa cidade natal, A Coruña, a mesma cidade na que ambientaría *O papagaio* (2006).

Xornalismo:


Luísa colaborou en moitas publicacións como en: *A Nosa Terra*, *Man Común*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *A Trabe de Ouro*, *Agália*, *Boletín Galego de Literatura*; nas súas colaboracións expresou a súa opinión sobre os diferentes aspectos da realidade galega ou internacional; adoptou sempre unha postura firme na defensa do galego, das liberdades e da separación da Igrexa do Estado. Entre 2002 e 2004, publica en *A Nosa Terra*, artigos que serán recollidos no *Libro das columnas* (2005).



P
U
B
L
I
C
A
C
I
O
N
S



1995



Ruído

Poesía. Espiral Maior, A Coruña

Os teus pasos de home e os meus sempre se cruzan, ao non saber onde van. Oblicuamente esvae os ollos até a miña imaxe no ponto en que pergunto que é o que ves através do meu espello pesado como a soedade. Unha muller, contestas, e non miras como me estraña ficar no eco da túa voz vacía.

2004

En concreto

Poesía. Espiral Maior, A Coruña.


ESTACIÓN

*Onde nós nunca pasan os trens
Só chegan ou parten
Por iso tamén somos nós
a nosa última estación
o noso amor definitivo*

*Así podemos marchar
no único sentido posíbel
ou esperar o avalo dos viaxeiros
para sentirnos expandidos nas
miradas estrañas
que chegan arrastando as
bambolinas d o mundo*



1997



Teoría de xogos

Narrativa. Laiovento, Santiago de Compostela

Todo empezou cunha frase que, no seu momento, non entendín ben. Non a frase en si, nen o tono, senón todo o que significaba. Tampouco era nada do outro mundo, como se explicará. Eu levaba pouco tempo traballando naquela Empresa, nunha Cidade que non era a miña e á que apenas me vinculaban asuntos laborais.

#LETRASGALEGAS2024 #IESVIRXEDOMAR


*“Escoito a voz
que me silencia:
comezo a expresar
o necesario”*

LUÍSA VILLALTA

(1957-2004)



Tríptico elaborado
por alumnado de
2º de Bacharelato





BIOGRAFÍA

Luísa nace o 15 de xullo de 1957 na rúa Vila de Laxe, na cidade da Coruña. É a filla maior dunha familia de clase media; o seu pai chámase Rafael Villalta e a súa nai Carmen Gómez. Comeza os seus estudos no colexio das Xosefinas e remata o curso de acceso á universidade no Instituto Eusebio da Guarda en 1973-74. Licenciouse en Filoloxía Hispánica e Galego-Portugués na Universidade de Santiago de Compostela no ano 1982.

Luísa con oito anos comeza a formación no Conservatorio de Música da Coruña. Dezaioito anos despois concluíra como titulada superior de violín. En 1980 formou o grupo de música folk instrumental *Escaino* e en 1985 entrará na Orquestra de Santiago e posteriormente na Xove Orquestra de Galicia.

A música foi a ocupación principal na súa mocidade, e será tamén base da articulación da obra literaria e un trazo significativo da súa poesía.

Nos anos 80 asiste con regularidade aos encontros literario-musicais que Francisco Pillado e Manuela Vega organizan na súa casa. Nos anos seguintes de licenciarse na USC continuou a súa dedicación á música mais tamén escribe os poemas que logo formarán o primeiro libro, publicado en *El Correo Gallego* "Sete haikus", edita obras como *Concerto para un home só* e *O representante* e gaña o I Certame Literario da Facultade de Filoloxía na USC.

“
Pálida é a tristeza
máis pálida aínda a lúa
sobre a que corre esta pena
“Sete haikus”

En 1988 aproba as oposicións de Lingua e Literatura Galega; o seu primeiro destino foi o instituto de bacharelato Xosé Neira Vilas, en Oleiros (A Coruña). Despois de impartir en aulas en varios centros exercerá en 1991 como profesora de lingua e literatura galega con destino definitivo en Sada, no instituto Isaac Díaz Pardo. Nese mesmo ano publica *Música reservada*, *Silencio*, *ensaíamos* e *O paseo das esfinges*. En 1996 publica *Alma de Beiramar*, unha obra colectiva en contra da marea negra. Os beneficios obtidos das vendas desta edición ían destinados á Plataforma Nunca Máis. Tempo despois da súa morte, a biblioteca da vila do instituto Sada establece o seu nome en honor á súa figura. Esta homenaxe fai que Luisa se transforme nunha escritora de referencia na zona.



2004

Luísa Villalta faleceu na madrugada do 6 de marzo de 2004. Os seus restos repousan no cemiterio coruñés de Santo Amaro. A cerimonia relixiosa do enterro deu paso a un acto laico a cargo de escritores e poetas galegos, con poemas e música de violín.



“A denosiña”
Grupo Escaino



Documental *Luísa Villalta*,
paixón e compromiso

ESCOLMA



Se toda a nosa historia fose así, un construír, máis que un acumular, fragmentar e derrubar, se cada unha das nosas actuacións fosen un continuo cimentar máis que un utilizar e desgastar, gozaríamos da vida nun país seguro de si mesmo, acolledor, creativo e orgulloso.


Luísa expresou cun estilo directo nas súas columnas a perda de falantes, a crise económica e as consecuencias do peche dos medios de comunicación en galego.



*O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos*

No 2004, o certame de poesía Espiral Maior galardoou o libro *En concreto*. Destaca o carácter expresionista que honra á Coruña, sinalando “o pensamento poético maduro e un equilibrio estilístico entre o conceptual e o visionario”.

A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta
Os edificios medran cada día.
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas de algúns
outros continentes.
Por aquí pasan decote
os viandantes pontuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior



“OBELISCO”,
En concreto